



Rallye Matemáticas sen Fronteiras 2020. 1º ESO

Proba de centro

Martes, 10 marzo 2020. O formulario coas respostas enviarase ás 17h ou antes

A resposta ampliada deberá subirse nun só .zip ou .pdf ao formulario que se disporá ao efecto, antes das 17:15. Sempre debe levar como encabezamento: Centro: Curso: Nome do profesor/a:... nome dun alumno/a:

Exercicio 1 Irmáns e irmás

Nunha familia, cada rapaz ten o dobre de irmás que de irmáns e cada rapaza ten tantos irmáns como irmás.

Cantos rapaces e cantas rapazas hai nesta familia?

Exercicio 2: Buscar números

Cales son todas as cifras inferiores a 1000 e múltiplos á vez de 2; 3; 5 e 7?

Exercicio 3 Agullas e ángulos

Cal é o ángulo formado polas dúas agullas dun reloxo

a) ás 6:00 b) ás 6:15 horas c) ás 6:30 horas d) ás 6:45 horas e) ás 7 horas.

Exercicio 4 Cuestión de cubos

Nun cubo de aresta de 12 cm, eliminamos un cubo máis pequeno de aresta 6 cm, tendo un dos vértices do cubo inicial na parte superior.

1. Cal é a suma das lonxitudes dos segmentos que delimitan o novo sólido así obtido?

2. Cal é a suma das áreas das caras deste novo sólido?

Exercicio 5. Un número de máis

Se descartamos un dos números a continuación, podemos agrupar os restantes números por parellas coa seguinte propiedade: o produto dos dous números formando un par sempre é o mesmo.

3 25 23 5 9 45 375 225 125

1. Que número debemos descartar?

2. Cal é o produto dos dous números que forman cada parella?